



PROPOSTA DE PLANO DE ACCIÓN SOCIAL PARA O PAS

Hai xa algún tempo que os órganos de representación do Persoal de Administración e Servicios, [Xunta de Persoal](#) e [Comité Intercentros](#), sentiamos a necesidade de facer unha proposta de Acción Social cun enfoque distinto ao realizado nos últimos anos, co fin de alcanzar unha distribución máis xusta e equilibrada, ao constatar que os repartos realizados ata o de agora non tiñan en conta os criterios económicos. O resultado desta inquedanza foron varias reunións conxuntas que ao final deron como froito este documento que ten como fin último chegar a un sistema de repartición que dea máis a quen menos ten ou máis cargas soporta, ao entender que este ten que ser o obxectivo prioritario desta parte da axuda de Acción Social que incide directamente en cuestións tan esenciais como a saúde, a atención das persoas con minusvalías, ou a educación.

É preciso subliñar que a Acción Social ten outras partes nas que non se fai ningún tipo de discriminación económica e que complementa esta outra que agora estamos a definir. Estas outras partes son: o intercambio de vacacións, o seguro de vida, o plano de pensións, o premio por xubilación (no caso do persoal laboral), o complemento de subsidio de incapacidade temporal, a indemnización por falecemento e tamén, por suposto, a compensación por matrícula para a realización de estudos universitarios por parte dos traballadores fillos e cónxuxes ou parellas de feito. Polo tanto, se a proposta que estamos a facer, non chega no seu reparto, os traballadores e traballadoras que teñen as rendas familiares máis altas, ninguén pode dicir que queda excluído do conxunto das axudas de Acción Social para o PAS da Universidade de Vigo.

Como é sabido o fondo destinado a este fin é o 1% da masa salarial bruta do PAS laboral e funcionario, fondo bastante limitado, que seguramente non permite abranger tódalas necesidades, e que é preciso incrementar nos próximos anos. As modalidades de axuda que propoñemos son cinco: axudas para estudos, axudas para atención a persoas con minusvalías e enfermidades crónicas, axudas para coidado dos fillos, axudas para tratamentos da saúde do PAS, parella e fillos e axudas extraordinarias.

Por último, insistindo no enfoque social e solidario que ten que ter esta axuda, propoñemos que o 2% do importe total do presupostado para Acción Social sexa destinado a un proxecto de desenvolvemento no terceiro mundo.

OBXECTO DAS AXUDAS:

O Obxecto desta proposta é a regulación do contido, procedemento de xestión e resolución das axudas sociais na Universidade de Vigo, segundo estas modalidades:

1. Axudas para estudos.
2. Axudas para a atención de persoas con minusvalía física, psíquica e sensorial. Axudas para enfermidades crónicas.
3. Axudas para o coidado de fillos.
4. Axudas para tratamentos da saúde do PAS, cónxuxe ou parella de feito e fillos.
5. Axudas extraordinarias.

ÁMBITO DE APLICACIÓN:

Poderán solicita-las distintas modalidades de axudas, anteriormente citadas, tódolo Persoal de Administración e Servicios da Universidade de Vigo, con independencia da súa condición de funcionarios ou laborais, fixos e contratados temporais que teñan recoñecidas as súas retribucións con cargo ao Capítulo I dos orzamentos da Universidade de Vigo.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:

As solicitudes presentaranse nos modelos oficiais que figuren nos anexos da Resolución Rectoral, anual, que se deberá convocar no primeiro trimestre de cada ano, debidamente cubertas e serán dirixidas ao Excmo. Sr. Reitor.

Coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:

- Documentación que se esixe en cada unha dos tipos de axudas e xustificar mediante certificación ou copia dos feitos que se aleguen.
- Declaración xurada do solicitante conforme non percibe axuda para o mesmo fin, en caso contrario indicar e xustificar de onde procede a subvención/axuda e a contía concedida.
- Documentación para acreditar a renda familiar:
 - As do solicitante obtidas da declaración do IRPF do ano anterior. Se non tivo que facer declaración do IRPF, presentará certificación de Facenda da dita circunstancia e certificación anual de ingresos, estendida pola empresa.
 - Se é o caso, as correspondentes aos fillos maiores de idade, obtidas da mesma forma.
 - Se é o caso, as do cónxuxe ou parella de feito, obtidas da mesma forma.

COMPATIBILIDADES E INCOMPATIBILIDADES:

Con carácter xeral, declararanse compatibles a percepción de varias das axudas enumeradas, podéndose presentar solicitudes para cada un dos seus tipos.

Por contra, estas axudas serán incompatibles con calquera axuda que se perciba doutros organismos oficiais ou empresas públicas ou privadas, así como mutualidades (MUFACE, ISFAS...) polo mesmo concepto, salvo que fosen de contía inferior, neste caso, si se acredita documentalmente a súa natureza e contía, poderá solicitarse a diferenza ata a cantidade que, en cada caso, corresponda (acreditarse mediante certificación do importe anual percibido expedido polo organismo correspondente).

O solicitante está obrigado a declarar expresamente non ter recibido e/ou solicitado a favor da unidade familiar axuda económica ou subvención algunha pola mesma continxencia. No caso contrario deberá notificalo á Comisión de Acción Social.

No suposto do persoal que teña autorización de compatibilidade entre dúas actividades na Universidade de Vigo, só poderá solicitar axudas dos fondos de acción social por unha das dúas modalidades: PAS ou PDI.

TIPOS DE AXUDAS:

Os cinco tipos de axudas son os seguintes:

1. AXUDAS PARA ESTUDIOS:

Obxecto: Distínguense catro apartados:

- a) Axudas para estudos do persoal da Universidade de Vigo: o obxecto desta axuda é contribuir a paliar os gastos polo transporte, sempre e cando os estudos se realicen nunha localidade distinta ao lugar habitual de residencia, e para a compra de libros. A axuda cubre os estudos impartidos en centros oficiais e adscritos, incluídos ós de acceso á Universidade para maiores de 25 anos.
- b) Axudas para estudos dos fillos, cónxuxe ou parella de feito: O seu obxecto é a axuda para os gastos derivados de estudos conducentes a títulos oficiais dos fillos, con idades comprendidas entre 6 e 25 anos, que convivan co solicitante e dependan economicamente de el, así como do seu cónxuxe ou parella de feito, sempre e cando os estudos se realicen en institucións públicas. Tamén se terá este dereito cando se realicen estudos non cubertos polo sistema público de ensino ou non existan prazas en determinada zona xeográfica. Neste apartado inclúense, así mesmo, as axudas de desprazamento de fillos/as que estiveran matriculados no curso correspondente ao da axuda, en Universidades Públicas de fóra da CCAA de Galicia e en titulación non ofertadas no Sistema Universitario Galego.
- c) Axudas para necesidades educativas especiais. Axudas destinadas tanto, a superar as dificultades, trastornos e problemas da aprendizaxe, como a apoiar os alumnos con sobredotación intelectual.

Documentación esixida:

- Documento que acredite a matrícula no Centro público correspondente e o pagamento no curso correspondente.
- Documentación que probe que os estudos non están cubertos polo sistema público ou que non existen na área xeográfica de residencia.
- Certificado de residencia só para o persoal da universidade que curse estudos nun centro que está nunha localidade distinta ao lugar habitual de residencia
- Factura do gasto realizado en libros.
- Copia da totalidade das follas do libro de familia onde figuren anotacións, así como certificado no que se acredite estar inscrito no rexistro de parellas de feito do concello, ou de se-lo caso, certificado de convivencia.
- Certificación de estar matriculado noutras Universidades de fóra da CC.AA Galega.
- Documentación oficial que acredite a necesidade educativa especial.

2. AXUDAS PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS CON MINUSVALÍA FÍSICA, PSÍQUICA E SENSORIAL. AXUDA PARA ENFERMIDADES CRÓNICAS.

Obxecto: Distínguense dous apartados

- a) Axuda para atender gastos derivados da atención e coidados do Persoal da Universidade de Vigo con minusvalía, ou dos familiares do solicitante ata o primeiro grao de consanguinidade que convivan e dependan de el, que contribúan a un mellor desenvolvemento, recuperación e atención de aquel, con carácter subsidiario ás axudas e prestacións da Seguridade Social ou calquera outras de carácter oficial, tendo en conta as súas circunstancias particulares e en calquera caso logo da xustificación documental do gasto ocasionado.
- b) **Enfermidades crónicas e tratamentos da saúde de longa duración ou especiais.** Esta prestación esta destinada a sufragar os gastos orixinados por tratamentos médicos crónicos, de longa duración ou especiais, e a atención socio-sanitaria que puideran precisar, sempre e cando non estean cubertos, total ou parcialmente, pola Seguridade Social, así como a desintoxicación ou deshabitación de drogodependencias. De estar cubertos parcialmente polo sistema público de saúde poderase recibir axuda proporcional ao gasto realizado.

Contía: Resérvase o 15% para enfermidades crónicas, o resto, calcularase segundo o grado de minusvalía:

Problema		Porcentaxe do fondo
Minusvalías	Entre o 33% e o 64%	25%
	Entre o 65% e o 74%	25%
	Máis do 75%	35%
Enfermidades crónicas		15%

A Comisión de Acción Social, co fin de buscar o mellor sistema de reparto poderá modificar estas porcentaxes

Documentación esixida:

Minusvalías:

- Certificado de minusvalía expedido polo organismo competente.
- Certificación que acredite estar inscrito no rexistro de parellas de feito do concello, o de se-lo caso, certificado de convivencia.
- Copia das follas do libro de familia.
- Facturas que acrediten o gasto.

Enfermidades crónicas:

- Informe médico, con indicación da diagnoses e tratamento, e factura orixinal do gasto.
- Certificación que acredite estar inscrito no rexistro de parellas de feito do concello, o de se-lo caso, certificado de convivencia.
- Copia das follas do libro de familia.
- Facturas que acrediten o gasto.

Aclaracións:

- No caso das enfermidades crónicas a Comisión de Acción Social poderá solicitar, en calquera momento, unha avaliación independente do caso.

3. AXUDAS PARA COIDADADO DE FILLOS:

Obxecto: Axuda para o coidado de fillos:

- Coidado de fillos ata os 5 anos de idade.

Documentación esixida:

- Copia de tódalas follas do libro de familia.

4. AXUDAS PARA TRATAMENTO DA SAÚDE:

Obxecto: Axuda para os tratamentos da saúde realizados no ano en curso da Convocatoria tanto do solicitante como do seu cónxuxe ou parella de feito e fillos menores de 25 anos, non cubertos polo sistema da Seguridade Social.

Tipos:

- Aparellos ópticos e tratamentos oftalmolóxicos:** A axuda cubre tódolos servizos non cubertos polo sistema público da Seguridade Social realizados.
- Próteses e aparellos de ortopedia:** xa sexan permanente ou temporais, entendendo por tales aqueles dispositivos ou aparellos destinados a substituír un órgano inexistente ou defectuoso ou a facilitar a función dun órgano impedido no seu funcionamento e cuxa implantación non requira intervención cirúrxica.
- Odontoloxía:** A axuda cubre tódolos servizos non cubertos polo sistema de Seguridade Social.

d) Estimulación precoz, recuperación funcional e tratamento psicoterapéutico na infancia.

Aclaracións:

- Requirirase informe médico oficial, con indicación da diagnose e tratamento, e factura orixinal do gasto.

e) Axudas para a adquisición de produtos específicos para a alimentación de enfermos celíacos e trastornos similares de intolerancia a alimentos de carácter xenérico. Esta prestación consiste nunha axuda para a adquisición, en farmacias ou establecementos especializados, polo beneficiario de alimentos específicos correspondentes a dietas de tratamento en función do tipo da enfermidade e en base a tratamentos establecidos pola Seguridade Social.

Aclaracións:

- Requirirase informe médico oficial, con indicación da diagnose e tratamento, e factura orixinal do gasto.

f) Axudas para tratamentos psicoterapéuticos non cubertos ou complementarios dos dispensados polo sistema público de saúde.

Aclaracións:

- Requirirase informe médico oficial, con indicación da diagnose e tratamento, e factura orixinal do gasto.

g) Axudas para tratamentos non cubertos pola Seguridade Social sempre e cando o seu fin sexa terapéutico e foran prescritos dentro do sistema público de saúde.

Aclaracións:

- Requirirase informe médico oficial, con indicación da diagnose e tratamento, e factura orixinal do gasto.

5. AXUDAS EXTRAORDINARIAS:

Obxecto: Axudas para facer fronte a continxencia extraordinarias acaecidas durante o ano da convocatoria de axudas de acción social como pode ser:

- Morte do cónxuxe.
- Ruptura do vínculo matrimonial.
- Catástrofes na vivenda habitual.
- Outras, segundo o criterio da Comisión de Acción Social.

Requisitos:

- Que este tipo de gastos non teñan cabida dentro doutro tipos de axudas indicadas anteriormente.
- Que sexan circunstancias excepcionais.
- Que os gastos ocasionados sexan forzosos e non estean cubertos por organismos públicos nin seguros privados obrigatorios.

IMPORTES DOS FONDOS:

Dentro do montante global da partida orzamentaria asignada á axudas sociais do PAS da Universidade de Vigo, establecido a través do presupostos anuais, o reparto farase conforme as seguintes porcentaxes:

TIPO DE AXUDA	PORCENTAXE
Axudas para estudos:	20%
Axudas para a atención de persoas con minusvalía física, psíquica e sensorial. Enfermidades crónicas	18%
Axudas para o coidado de fillos	30%
Axudas para tratamento da saúde	30%
Axudas extraordinarias	2%

CRITERIOS DE REPARTO:

Da renda familiar total descontaranse distintas cantidades por mínimos persoais e minusvalías o resultado final é a renda dispoñible.

Mínimos persoais	Euros de desconto sobre o total de renda
Traballador	4000
Cónxuxe	3000
Ascendente	1000
Primeiro fillo/a	2000
Segundo fillo/a	2300
Terceiro fillo/a e sucesivos	2500
Minusvalías	% de incremento do desconto correspondente
Do 34% ao 64%	150%
Do 65% ao 74%	200%
Máis do 75%	250%

Renda dispoñible	% do solicitado
Ata 12000	100 %
De 12001 a 15000	90 %
De 15001 a 18000	80 %
De 18001 a 21000	70 %
De 21001 a 24000	60 %
De 24001 a 27000	50 %
Máis de 27000	Casos extraordinarios

RENDA DISPOÑIBLE: total de ingresos da unidade familiar por tódolos conceptos menos total de descontos por circunstancias persoais e familiares.